

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO), SOBRE O USO DE ESPAZOS CON MOTIVO DAS OBRAS DO NOVO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS:

Dunha parte, Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en representación deste organismo autónomo, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, co Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra parte, María Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Economía, Industria e Innovación, na súa condición de presidenta do Padroado da Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO, CIF G15678527), con domicilio na R/ Juana Capdevielle, 2 da Coruña, no exercicio das facultades conferidas nos estatutos da Fundación.

As partes interviñentes, na representación que ostentan recoñécense a capacidade necesaria para a conclusión do presente convenio e para tal efecto

MANIFESTAN

I.- O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

O Servizo Galego de Saúde exerce o goberno, a dirección e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos, garantindo a provisión dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública, coordina a xestión dos recursos humanos, materiais e financeiros que teña asignados e exercerá as funcións que lle delegue ou encomende a Consellería de Sanidade.

Neste senso, o Servizo Galego de Saúde ten atribuídas competencias no tocante á planificación, execución e control dos programas de investimentos relativos a obras, instalacións e equipamentos dos centros asistenciais en coordinación coa Dirección Xeral de



Asistencia Sanitaria, correspondéndolle a tramitación e xestión dos expedientes de contratación.

II.- O 05.08.1998 constituíuse en escritura pública a Fundación Instituto Feiral da Coruña, que foi clasificada de interese industrial por Orde do 9 de novembro de 2000 e declarada de interese galego por virtude da Orde do 5 de decembro de 2000, que ordenou a súa inscrición na sección do Rexistro de Fundacións da consellería competente en materia de industria e comercio. Foi inscrita no dito Rexistro de Fundacións de Interese Galego en data 22.12.2000, co número 2000/22.

Na reunión que se celebrou o día 31.10.2019, o Padroado da Fundación aprobou a modificación dos seus estatutos co fin de adaptala á condición de fundación de sector público autonómico de Galicia. A devandita modificación estatutaria foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 22.12.2022.

En consecuencia, na actualidade a Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO), ten a condición de fundación do sector público autonómico de Galicia, consonte co establecido no artigo 113 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público de Galicia. Así mesmo, ten a consideración de medio propio e instrumental da Xunta de Galicia, o que implica que lle resulta de aplicación o réxime dos artigos 47 e seguintes da antedita Lei 16/2010, do 17 de decembro.

O artigo 47 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, relativo ao "Carácter de medios propios e servizos técnicos da Comunidade Autónoma de Galicia.", indica:

"1. Aos efectos previstos no artigo 4º.1.n) e 24º.6 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, todas as entidades instrumentais determinadas no artigo 45 teñen a consideración de medios propios e servizos técnicos daqueles poderes adxudicadores para os cales realicen a parte esencial da súa actividade cando estes exerzan sobre aqueles un control análogo ao que poden exercer sobre os seus propios servizos. Se se trata de sociedades, ademais, a totalidade do seu capital terá que ser de titularidade pública.

2. O carácter de medios propios instrumentais e servizos técnicos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia comporta para as entidades, de acordo co previsto na lexislación de contratos do sector público, a obriga de executar as encomendas ou encargos que os poderes adxudicadores que os controlan e os seus medios propios lles realicen dentro do ámbito do seu obxecto social e nos termos fixados nos seus estatutos.

As relacións dos medios propios cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos teñen natureza instrumental e non contractual, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado. As encomendas ou encargos retribuiranse mediante as tarifas suxeitas ao réxime previsto neste artigo, e comportarán a facultade para o órgano que os efectúa de ditar as instrucións necesarias para a



súa execución.

3. De acordo co artigo 24º.6 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, a condición de medio propio ou servizo técnico determinará a imposibilidade de participar en licitacións públicas convocadas polos poderes adxudicadores dos que sexan tal medio propio ou servizo técnico, sen prexuízo de que, cando non concorran ningún licitador, se lles poida encargar a execución da prestación obxecto daquelas.”

III.- O Servizo Galego de Saúde está a desenvolver as obras do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. Coa dita finalidade asinou a Resolución do 18 de abril de 2023, do conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, pola que se encomenda á Axencia Galega de Infraestruturas a preparación, selección de contratista e adxudicación dos contratos relativos ás obras do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. a xestión de diversas actuacións de carácter técnico en relación coas ditas obras.

Con motivo das ditas obras e debido a súa envergadura, duración e importancia, resulta necesario que arredor de 120 profesionais da Área Sanitaria da Coruña e Cee, modifiquen temporalmente a localización dos seus postos de traballo. Para tal efecto, os espazos que máis adiante se identifican do recinto feiral de EXPOCoruña, titularidade da Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO), reúnen as condicións necesarias para a dita finalidade, dada a súa localización estratéxica e próxima ao Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC), alta capacidade e infraestruturas dispoñibles.

IV.- Na reunión do Padroado de IFECO celebrada o 22 de maio de 2023 aprobouse por unanimidade dos asistentes a presente actuación.

V.- O artigo 82 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón que as entidades públicas instrumentais só poderán ceder gratuitamente os bens ou dereitos da súa propiedade cando tivesen atribuídas facultades para a súa enaxenación e non se estimase procedente a súa incorporación ao patrimonio da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

Asemade, o artigo 99 da mesma lei prevé que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais poden celebrar convenios con outras administracións públicas ou con persoas xurídicas de dereito público ou dereito privado pertencentes ao sector público, co fin de ordenar as relacións de carácter patrimonial entre as mesmas nun determinado ámbito ou de realizar actuacións contempladas na citada lei en relación cos bens e dereitos dos seus respectivos patrimonios.

Os convenios patrimoniais poden conter cantas estipulacións se estimen necesarias ou convenientes para a ordenación das relacións patrimoniais entre as partes que interveñan, sempre que non fosen contrarias ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

Documento asinado dixitalmente por:
Julio García Comesaña (01/12/2023 12:52)
<https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-F4G4-BOAH-OF40-TQ2W-ZF4W-GH55-Z170-1431-5273-54>



Do mesmo xeito, os artigos 186 e seguintes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, regula a figura dos convenios patrimoniais.

De conformidade co anterior, as partes entenden que resulta necesario establecer as bases que permitan dar soporte xurídico á cesión dos espazos necesarios do recinto do IFECO, como elemento patrimonial indispensable para acoller aos profesionais do Servizo Galego de Saúde, cuxos postos de traballo teñan que ser desprazados temporalmente, con ocasión das obras do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Tendo en conta o anterior, as partes acordan a conclusión do presente convenio, que someten ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.

1. O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración das partes para a utilización futura dos espazos do recinto feiral da Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (IFECO) que máis adiante se definen de cara a ubicar neles os servizos e unidades encargados da realización das funcións de xestión económico administrativa do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC).

Para tal efecto, a cesión de uso inclúe os espazos físicos necesarios para a localización destes servizos e unidades e para o acceso e tránsito do persoal dos mesmos e das persoas usuarias que eventualmente acudan a realizar as consultas ou xestións necesarias.

Os espazos obxecto de cesión son os seguintes: VER ANEXO I.

O uso dos espazos cinguirase ás zonas sinaladas e asignadas para este fin, observando os seguintes límites e consideracións:

- A cesión de uso dos espazos entenderase restrinxida ás zonas e períodos estritamente necesarios para a antedita finalidade.
- A cesión faise sen limitación nin servidume de calquera clase.
- A cesión outórgase libre de calquera carga ou custo para a Fundación cedente.

2. A Fundación asinante garante que ostenta título abondo para a cesión, uso e desfrute dos espazos para a finalidade indicada.

3. Serán de conta do Servizo Galego de Saúde aquelas actuacións, tarefas, permisos e gastos de mantemento que resultasen necesarios con relación á totalidade dos espazos cedidos no período que dure a cesión. Non obstante, unha vez finalizada esta, o Servizo Galego de Saúde non será responsable de volver as instalacións ao seu estado orixinal.



Aquelas actuacións que pretenda realizar o Servizo Galego de Saúde sobre os espazos obxecto de cesión e que podan resultar nunha modificación permanente dos mesmos, responderán ao destino acordado dos devanditos espazos (oficinas) e realizaranse de xeito que quede sempre e en todo caso salvagardada a integridade estrutural do recinto feiral e sen afectación dos espazos que non son obxecto da presente cesión, e requirirán do visto bo previo da Xerencia de IFECO.

As obras de acondicionamento, mellora ou mantemento realizadas por iniciativa do Servizo Galego de Saúde sobre os espazos obxecto de cesión no marco das actuacións referidas anteriormente quedarán en beneficio do recinto feiral, sen que por isto se devengue dereito a compensación ou contraprestación algunha por parte de IFECO a favor do Servizo Galego de Saúde.

4. O manexo e control das instalacións técnicas do recinto será realizado exclusivamente por persoal propio do recinto feiral ou das súas empresas de servizos, de xeito que se garanta o seu correcto funcionamento, para cuxo efecto a fundación cedente garantirá a presenza de persoal responsable en número suficiente.

5. Esta obriga de IFECO non se estenderá máis alá do horario de apertura de oficina da propia Fundación (días laborables da cidade de A Coruña de 08:00h ata ás 15:00h no horario de inverno e de 08:00h a 14:00h no horario de verán). En caso de requirirse polo Servizo Galego de Saúde unha ampliación deste horario, IFECO poderá recorrer a un provedor de servizos externo, e refacturará integramente os seus honorarios ao Servizo Galego de Saúde.

6. O Servizo Galego de Saúde deberá contar en todo momento durante a vixencia do convenio cun seguro contra danos que con cobertura suficiente contra os posibles danos causados aos espazos obxecto de cesión, así como cun seguro de responsabilidade civil con cobertura das actividades desenvolvidas nos espazos obxecto de cesión.

7. IFECO e o Servizo Galego de Saúde serán os únicos responsables de cumprir coas súas respectivas obrigas (incluídas as obrigas en materia de prevención de riscos laborais), así como das actividades que desenvolvan e/ou promovan no recinto feiral. Neste sentido, cada parte manterá indemne á outra fronte a calquera reclamación, sanción ou derivación de responsabilidade que traia causa do incumprimento ou defectuoso cumprimento das obrigas que lle son propias, así como de calquera dano o prexuízo irrogado ao seu persoal propio, colaboradores, contratistas, visitantes, etc., no seus respectivos espazos.

8. A Fundación designará unha persoa responsable para a coordinación co Servizo Galego de Saúde/Consellería de Sanidade.

O Servizo Galego de Saúde informará a IFECO sobre os riscos propios dos traballos e actividades que realizará ou promoverá nos espazos cedidos, así como as medidas referidas á prevención dos devanditos riscos e as medidas de emerxencia a aplicar.



Igualmente, o Servizo Galego de Saúde solicitará a IFECO sobre os riscos específicos e as medidas preventivas a adoptar derivadas das actividades desenvolvidas no recinto feiral de EXPOCoruña que podan afectar aos espazos obxecto de cesión. O Servizo Galego de Saúde terá en conta esta información e a trasladará aos seus traballadores e contratistas.

O Servizo Galego de Saúde acreditará por escrito ao IFECO, a requirimento deste, que ten realizado as correspondentes avaliacións de riscos e a planificación da súa actividade, e trasladará esta obriga igualmente ás súas contratistas e subcontratistas.

O Servizo Galego de Saúde informará aos seus traballadores dos riscos derivados da actividade a realizar nos espazos obxecto de cesión.

As partes informaranse reciprocamente e de inmediato de calquera accidente de traballo producido no espazo, así como de toda situación de emerxencia susceptible de afectar á seguridade e saúde dos traballadores presentes no recinto.

9. Ante a posibilidade de realización de eventos doutra natureza nos espazos do IFECO durante o período de vixencia do presente convenio, as partes considerarán o obxecto desta cesión como actividade prioritaria, dispoñendo as medidas precisas para que os eventos poidan realizarse sen prexudicar o normal desenvolvemento da actividade profesional do persoal do Servizo Galego de Saúde.

Segunda. Réxime económico.

1. A Fundación cederá os espazos a título gratuíto. O presente convenio exclúe expresamente a existencia de ánimo de lucro ou obtención de beneficio por parte da Fundación cedente.

2. A Fundación proverá en cada momento ao Servizo Galego de Saúde os espazos necesarios para o obxecto sinalado na cláusula primeira.

3. A Fundación repercutirá con carácter trimestral ao Servizo Galego de Saúde o importe dos custos de mantemento dos espazos e servizos. Para tal efecto, a Fundación presentará a xustificación dos gastos incorridos.

Os gastos xustificaranse mediante factura, a cal deberá conter a suficiente información de detalle que permita relacionala co gasto presentado. Estes gastos repercutiranse en función dos m2 de superficie obxecto de cesión, consonte o previsto na cláusula primeira e no anexo I do presente convenio.

A documentación xustificativa dos gastos derivados deste convenio nos que incorra a Fundación e que deban ser aboados polo Servizo Galego de Saúde, presentaranse no prazo máximo do mes seguinte á finalización de cada trimestre anual, dentro do período de vixencia do convenio, agás os gastos correspondentes ao mes de decembro do ano 2023 e



aos meses de outubro e novembro do ano 2026, que deberán xustificarse respectivamente dentro das anualidades 2023 e 2026.

Para a cobertura dos custos derivados do convenio, o Servizo Galego de Saúde destinará un importe máximo de **12.000€/Mensuais**, que se fará efectivo contra a aplicación 1501 412A 226 99 da Área sanitaria da Coruña e Cee, na que existe crédito axeitado e suficiente.

O importe máximo total do gasto ascende a 432.000 €, os cales quedan distribuídos nas seguintes anualidades:

Anualidades	Importes
2023	12.000 €
2024	144.000 €
2025	144.000 €
2026	132.000 €

Os gastos correspondentes á anualidade 2023 abonaranse a data 31.12.2023.

Terceira. Persoal.

A subscrición do presente convenio non suporá relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Fundación e o Servizo Galego de Saúde/Consellería de Sanidade, de tal xeito que non se lles poida esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvementos das actividades ou prestacións conveniadas.

Cuarta. Vixencia.

O presente convenio estará vixente por un período de tres anos, contados a partires do 1 de decembro do 2023. Ambas as dúas partes poderán acordar a súa prórroga mediante acordo escrito, de conformidade co que dispón a letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Quinta. Comisión de seguimento.

Constituirase unha comisión de seguimento que intervirá no desenvolvemento e control do obxecto do presente convenio, composta por representantes de cada unha das partes en concreto:

- Dúas persoas representantes designadas polo Servizo Galego de Saúde, unha das cales ostentará a presidencia da comisión de seguimento. A persoa que exerza a presidencia terá voto dirimente en caso de empate.
- Dúas persoas representantes designadas pola Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña.



A comisión de seguimento terá as seguintes funcións:

- a) O seguimento do desenvolvemento e aplicación do presente convenio e das actividades realizadas, así como a adopción de decisións sobre os mesmos.
- b) A resolución daquelas dúbidas que poidan xurdir no cumprimento, execución ou interpretación desde convenio
- c) Proposta de modificación das cláusulas contidas no presente convenio.

Esta comisión reunirase en sesión ordinaria logo da sinatura do convenio. Posteriormente, reunirase sempre que o requira o asunto a tratar, ou a solicitude de calquera das partes asinantes.

Sexta. Natureza e réxime xurídico.

O presente convenio reviste carácter patrimonial, en virtude do disposto na Lei 5/2011, de 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas. Ten ademais natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas, e no seu defecto polo previsto na antedita lei e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como pola lexislación patrimonial na materia obxecto do mesmo.

Segundo o disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o presente convenio queda fóra do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, conforme recolle o artigo 4 do citado texto.

As controversias sobre a interpretación e execución do presente Convenio resolveranse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de seguimento. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sétima. Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) Denuncia de calquera das partes, que se instrumentará por escrito cun aviso previo, mínimo de tres meses.
- b) Imposibilidade sobrevida, legal ou material, de desenvolver as actividades que constitúen o seu obxecto.
- c) Incumprimento total ou parcial das cláusulas e obrigas derivadas do presente convenio. A estes efectos, entenderase en todo caso que constituirá incumprimento do convenio o destino polo Servizo Galego de Saúde dos espazos obxecto de cesión a unha finalidade



distinta da acordada (actividade de oficinas).

d) Reestruturacións funcionais en calquera das institucións asinantes, que fagan inviable o seu cumprimento.

e) Desaparición das causas que motivaron a subscripción do convenio.

f) Mutuo acordo das partes.

Nos casos de resolución do convenio, a Comisión de Seguimento, deberá determinar a forma de finalizar as actuacións en curso afectadas.

Oitava. Confidencialidade e protección de datos.

As partes acordan que toda a información e datos que unha parte entregue ou facilite á outra, de forma oral, escrita, gráfica e/ou electrónica para o desenvolvemento dos traballos obxecto deste convenio, será confidencial e secreta, e non se divulgará a ningún terceiro sen o consentimento da outra parte.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola que se derroga a Directiva 95/46/CE, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como no resto da lexislación vixente nesta materia, as partes comprométese a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalos para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizar as relacións negociables entre as partes.

Logo da finalización deste convenio, calquera das partes asinantes poderá reclamar por escrito, á outra, a rápida devolución ou destrución de calquera información confidencial ou material entregados con anterioridade, sen que poidan quedar copias da mesma, xa estean en forma escrita ou en calquera outra forma tanxible, agás unha copia escrita daquela información que a institución receptora deba manter atendendo ao cumprimento de aspectos legais e unicamente a efectos de rexistro.

Novena. Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas interviñentes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e demais especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Documento asinado dixitalmente por:
Julio García Comesaña (01/12/2023 12:52)
<https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-F4G4-BOAH-OF40-TQ2W-ZF4W-GH55-Z170-1431-5273-54>



O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este convenio en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Fundación IFECO

Julio García Comesaña



María Jesús Lorenzana Somoza

Documento asinado dixitalmente por:
Julio García Comesaña (01/12/2023 12:52)
<https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-F4G4-BOAH-OF40-TQ2W-ZF4W-GH55-Z170-1431-5273-54>



ANEXO 1





RECINTO FERIA DE A CORUÑA

[illegible][illegible]


IP Address	OS/PA
IP: 192.168.1.100	4.80
IP: 192.168.1.101	5.00
IP: 192.168.1.102	4.50
IP: 192.168.1.103	4.00



Documento asinado dixitalmente por:
Julio Garcia Comesaña (01/12/2023 12:52)



<https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-F4G4-BOAH-OF4O-TQ2W-ZF4W-GHS5-Z170-1431-5273-54>



RECINTO FERIAL DE A CORUÑA

SUPERFICIE TOTAL CONSTRUIDA PLANTA BAJA: 11.622,39 m²


PROYECTO	PROYECTO DE OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN Y AMPLIACIÓN DEL RECINTO FERIAL DE A CORUÑA
PROYECTANTE	PLANTA BAJA, USOS Y SUPERFICIES
ELABORADO	SOMOSO, A CORUÑA
PROYECTADO	IFECO

PROYECTO	PROYECTO DE OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN Y AMPLIACIÓN DEL RECINTO FERIAL DE A CORUÑA
PROYECTANTE	PLANTA BAJA, USOS Y SUPERFICIES
ELABORADO	SOMOSO, A CORUÑA
PROYECTADO	IFECO

Documento asinado dixitalmente por:
 Julio Garcia Comesaña (01/12/2023 12:52)
<https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-F4G4-BOAH-OF4O-TQ2W-ZF4W-GH55-Z170-1431-5273-54>



- 1. PLANTA DE ALEROS
- 2. PLANTA DE ALEROS
- 3. PLANTA DE ALEROS
- 4. PLANTA DE ALEROS
- 5. PLANTA DE ALEROS
- 6. PLANTA DE ALEROS
- 7. PLANTA DE ALEROS
- 8. PLANTA DE ALEROS
- 9. PLANTA DE ALEROS
- 10. PLANTA DE ALEROS
- 11. PLANTA DE ALEROS
- 12. PLANTA DE ALEROS
- 13. PLANTA DE ALEROS
- 14. PLANTA DE ALEROS
- 15. PLANTA DE ALEROS
- 16. PLANTA DE ALEROS
- 17. PLANTA DE ALEROS
- 18. PLANTA DE ALEROS
- 19. PLANTA DE ALEROS
- 20. PLANTA DE ALEROS
- 21. PLANTA DE ALEROS
- 22. PLANTA DE ALEROS
- 23. PLANTA DE ALEROS
- 24. PLANTA DE ALEROS
- 25. PLANTA DE ALEROS
- 26. PLANTA DE ALEROS
- 27. PLANTA DE ALEROS
- 28. PLANTA DE ALEROS
- 29. PLANTA DE ALEROS
- 30. PLANTA DE ALEROS
- 31. PLANTA DE ALEROS
- 32. PLANTA DE ALEROS
- 33. PLANTA DE ALEROS
- 34. PLANTA DE ALEROS
- 35. PLANTA DE ALEROS
- 36. PLANTA DE ALEROS
- 37. PLANTA DE ALEROS
- 38. PLANTA DE ALEROS
- 39. PLANTA DE ALEROS
- 40. PLANTA DE ALEROS
- 41. PLANTA DE ALEROS
- 42. PLANTA DE ALEROS
- 43. PLANTA DE ALEROS
- 44. PLANTA DE ALEROS
- 45. PLANTA DE ALEROS
- 46. PLANTA DE ALEROS
- 47. PLANTA DE ALEROS
- 48. PLANTA DE ALEROS
- 49. PLANTA DE ALEROS
- 50. PLANTA DE ALEROS
- 51. PLANTA DE ALEROS
- 52. PLANTA DE ALEROS
- 53. PLANTA DE ALEROS
- 54. PLANTA DE ALEROS
- 55. PLANTA DE ALEROS
- 56. PLANTA DE ALEROS
- 57. PLANTA DE ALEROS
- 58. PLANTA DE ALEROS
- 59. PLANTA DE ALEROS
- 60. PLANTA DE ALEROS
- 61. PLANTA DE ALEROS
- 62. PLANTA DE ALEROS
- 63. PLANTA DE ALEROS
- 64. PLANTA DE ALEROS
- 65. PLANTA DE ALEROS
- 66. PLANTA DE ALEROS
- 67. PLANTA DE ALEROS
- 68. PLANTA DE ALEROS
- 69. PLANTA DE ALEROS
- 70. PLANTA DE ALEROS
- 71. PLANTA DE ALEROS
- 72. PLANTA DE ALEROS
- 73. PLANTA DE ALEROS
- 74. PLANTA DE ALEROS
- 75. PLANTA DE ALEROS
- 76. PLANTA DE ALEROS
- 77. PLANTA DE ALEROS
- 78. PLANTA DE ALEROS
- 79. PLANTA DE ALEROS
- 80. PLANTA DE ALEROS
- 81. PLANTA DE ALEROS
- 82. PLANTA DE ALEROS
- 83. PLANTA DE ALEROS
- 84. PLANTA DE ALEROS
- 85. PLANTA DE ALEROS
- 86. PLANTA DE ALEROS
- 87. PLANTA DE ALEROS
- 88. PLANTA DE ALEROS
- 89. PLANTA DE ALEROS
- 90. PLANTA DE ALEROS
- 91. PLANTA DE ALEROS
- 92. PLANTA DE ALEROS
- 93. PLANTA DE ALEROS
- 94. PLANTA DE ALEROS
- 95. PLANTA DE ALEROS
- 96. PLANTA DE ALEROS
- 97. PLANTA DE ALEROS
- 98. PLANTA DE ALEROS
- 99. PLANTA DE ALEROS
- 100. PLANTA DE ALEROS



ENTREPLANTA. USOS Y SUPERFICIES
Escala: 1:300

RECINTO FERIAL DE A CORUÑA

PROYECTO	PROYECTO DE RECONSTRUCCIÓN DEL RECINTO FERIAL DE A CORUÑA
TRABAJANDO	ENTREPLANTA USOS Y SUPERFICIES
PROYECTANDO	COMERCIO, A CORUÑA
FECHA	ENERO 2007
FECHA DE ACTUALIZACIÓN	15/01/2023

PLANTA	ENTREPLANTA
FECHA DE ACTUALIZACIÓN	15/01/2023
FECHA DE ELABORACIÓN	15/01/2023
FECHA DE REVISIÓN	15/01/2023

1/1

Documento asinado dixitalmente por:
Julio Garcia Comesaña (01/12/2023 12:52)
<https://sede.xunta.gal/cve?dcve=SAOC-F4G4-BOAH-OF40-TQ2W-ZF4W-GH55-Z170-1431-5273-54>

